



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO 2023 CONCELLO DE VAL DO DUBRA - SÁBADO 18 DE FEBREIRO -

PRIMEIRA.- O Concello de Val do Dubra, convoca o tradicional Concurso de Comparsas e Carrozas que se celebrará o **sábado 18 de febreiro de 2023**. Neste concurso poderán inscribirse todas as persoas, asociacións, comunidades, colexios e colectivos que o desexen.

SEGUNDA.- As solicitudes de inscrición poderán presentarse no Rexistro Xeral ou na Sede Electrónica do Concello de Val do Dubra, ata as **14:00 horas do xoves 16 de febreiro**. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas, calquera que sexa a causa do seu retraso. As solicitudes presentadas para a participación de menores deberán estar ao nome dos pais ou titores legais que actuarán en representación do menor.

TERCEIRA.- O premio establecido para o concurso será o seguinte:

PREMIOS CARROZAS

1º- 1.000 €
2º- 500 €
3º- 200 €

PREMIOS INDIVIDUAL

1º- 100 €
2º- 80 €
3º- 50 €

PREMIOS COMPARSAS

1º- 800 €
2º- 400 €
3º- 170 €

PREMIOS PARELLAS

1º- 150 €
2º- 100€
3º- 50 €

CUARTA.- O número da orde das comparsas inscritas no desfile asignarase segundo a data de inscrición.

QUINTA.- O itinerario do desfile será comunicado aos asistentes antes do desfile.

SEXTA.- As carrozas deberán ter unhas medidas que lles permitan transitar polas rúas de Val do Dubra sen dificultar o paso das outras carrozas e comparsas.

As comparsas e carrozas deberán estar formadas por un mínimo de 8 persoas.

O persoal da organización queda facultado para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde a calquera carroza ou comparsa que poña en perigo a seguridade



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

das demais formacións ou do público asistente.

SÉTIMA.- O xurado estará composto por 3 persoas como mínimo. Estes terán liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións, pero deberán prestar atención a cuestións coma: número de membros, vestiario, orixinalidade, simpatía, posta en escena, etc...

OITAVA.- A decisión do xurado darase a coñecer ao remate do desfile, onde actuará a orquestra LA FÓRMULA.

NOVENA.- Toda carroza ou comparsa que non acate as ordes da organización será descualificada e non optará a premios. Os premios poderán quedar desertos se o xurado estima que a calidade das formacións non reúne as condicións mínimas para ser premiadas.

DÉCIMA.- Todos os vehículos usados no desfile deberán estar dados de alta.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Cobro de premios: Todos os participantes deberán presentar coa solicitude de inscrición (que se achega como anexo destas bases) un certificado de conta bancaria para poder proceder ao pagamento, en caso de ser premiados. No caso das carrozas e comparsas que se presenten ao concurso a través dunha asociación, de ser premiadas realizarase un pagamento único á dita asociación. Por outra banda, se se presenta un grupo de persoas físicas o pagamento realizarase equitativamente entre os membros deste e, polo tanto, deberán presentar unha solicitude de inscrición por cada membro do grupo, coa súa correspondente conta bancaria. Se participaran menores, a dita solicitude deberá ir acompañada dunha autorización dos pais ou titores legais.

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS ENTROIDO DE VAL DO DUBRA 2023 SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS:
NIF: ENDEREZO:.....
Nº: PISO:..... LETRA:..... CP:.....
LOCALIDADE: TELF:..... E-MAIL:

EN REPRESENTACIÓN DE.

- Si mesmo.
- Da persoa menor de idade Nome:..... Apelidos:.....
NIF:.....
- A entidade denominada:..... NIF:.....
ENDEREZO:..... Nº:..... PISO: LETRA:.....
CP:..... LOCALIDADE:..... TELF:.....
E-MAIL:.....

SOLICITA a inscrición da comparsa/individual denominada:

-
- Número de compoñentes da comparsa:.....
- ¿Presenta carroza?.....
- ¿Presenta algún outro tipo de elemento (automóviles, camiós, etc.)? SI: NON:
- En caso afirmativo indicar cal é o seu número.....
- Nome Carroza:.....

ACHEGA:

- DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO I)
- CERTIFICADO DE NÚMERO DE CONTA

Val do Dubra, de de 2023.

SINATURA

-Os participantes autorizan ceder os dereitos de imaxe e vídeo para o seu uso polo Concello de Val do Dubra, para poder reproducirse en distintos medios.
-O número de orde de participación das comparsas inscritas nos desfiles rexerá pola data de inscrición, agás que a organización estime oportuno cambiar algún posto na saída.

- Para maior información: 981 889 000 <https://valdodubra.gal/>

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE (ASOCIACIÓN)

Don/Dona _____

_____ con NIF: _____ en calidade de presidente/a

DECLARO que a entidade que presido/

- Que cumpre cos requisitos esixidos para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro ao abeiro do art.31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos termos do art. 21 do Regulamento xeral de subvencións.
- Que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, ou a non presentación da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas ás que houbese lugar, de acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

DECLARACIÓN RESPONSABLE (PERSONAS FÍSICAS)

Don/Dona _____

_____ con NIF: _____

DECLARO

- Cumpro cos requisitos esixidos para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 13 da Lei 38/2033, do 17 de novembro, xeral de subvencións e que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro ao abeiro do art.31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos termos do art. 21 do Regulamento xeral de subvencións.
- Que me encontro ao corrente no cumprimento das miñas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, ou a non presentación da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas ás que houbese lugar, de acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Val do Dubra, naturalmente